

**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO (alumnado matriculado en 3º e 4º da ESO no próximo curso)
AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR CURSO 2023/2024 (alumnado matriculado en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO no próximo curso)**

Orde do 10 de maio de 2023

Lembramos que o alumnado de 1 e 2º da ESO non terá axuda para o fondo de libros por estar participando no proxecto EDIXGAL, pero si poderán solicitar axudas para material escolar.

Os requisitos para acollerse a esta convocatoria son:

- ✓ **Estar matriculado en 1º, en 2º, en 3º ou en 4º da ESO durante o curso 2023/24**
- ✓ **Ter devoltos os portátiles EDIXGAL (1º e 2º da ESO) ou os libros emprestados polo Fondo Solidario de libros (3º e 4º da ESO).** Deben estar en bo estado de conservación, de maneira que poidan ser reutilizados. **A non devolución destes portátiles ou libros será causa da exclusión.**

Solicitude do fondo solidario:

- ✓ Terán que presentar a solicitude (anexo I), xunto coa documentación pertinente:
 - Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)
 - Copia de todas as páxinas do libro de familia onde aparezan os membros computables da unidade familiar
 - No caso de separación ou divorcio: sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do menor
 - Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da unidade familiar recoñecida por calquera órgano **que non sexa a Xunta de Galicia**
 - Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero se é o caso
 - Resolución administrativa ou xudicial de incapacitación da patria potestade se é o caso
- ✓ Terase en conta a situación familiar e persoal a 31 de decembro de 2021.
- ✓ Terase en conta a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2021 dividida polos membros computables: (recadro renda 435 + recadro 460) dividido entre o nº de membros computables.

Pódese acceder aos impresos da solicitude no enderezo <https://www.edu.xunta.es/fondolibros> ou na páxina do instituto. Tamén hai impresos na conserxería do centro.

É preciso descargar, imprimir e cumprimentar a solicitude (Anexos I e II). A súa entrega, xunto coa documentación sinalada nas instrucións anteriores pode facerse no propio centro ou ben a través da sede electrónica (procedemento [ED330B](#)).

- ✓ **AS SOLICITUDES PRESENTARANSE NA SECRETARÍA DO CENTRO OU A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DO ANTES DO 21 DE XUÑO DE 2023**

O día 12 de xullo de 2023, o centro publicará unha relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas para este fondo. No caso das solicitudes do Fondo de Libros excluídas, poderanse presentar reclamacións os días 13 e 14 de xullo.

A relación definitiva das solicitudes admitidas publicarase o día 26 de xullo. O centro entregará os libros asignados (3º e 4º da ESO) e os portátiles EDIXGAL (todo o alumnado de 1º e 2º da ESO) a partir do inicio das clases, o 11 de setembro de 2023.